



Actividade 1

Consideracións previas

No **económico**, o noso modelo de desenvolvemento, demostrou ser capaz de **xerar crecemento e riqueza**. Nesta actividade propóñense unha serie de cálculos que axuden á reflexión sobre este feito.

Desenvolvemento

Proxectar a infografía de novembro e explicala. A continuación, pedir ao alumnado que calcule:

- No mundo somos 7.590 millóns de habitantes¹. Dividir a riqueza total entre o número de habitantes. Aínda que é unha media e non é exacto, dalgún xeito isto podería reflectir o PIB de toda a humanidade. A canto tocamos ao ano?
- Buscar os datos de PIB dos habitantes de España e comparalo coa cifra mundial, Que nos suxire esta comparación?
- Os datos de poboación mundial no ano 1995 eran de 5.700 millóns de habitantes. Dividir a riqueza total entre o número de habitantes. a canto correspondía entón por habitante?
- Calcular a porcentaxe de crecemento da poboación que se produciu entre 1995 e 2014. Calcular a media de crecemento da poboación ao ano.
- Canto é a porcentaxe de crecemento do comercio mundial ao longo deses mesmos anos?
- Que conclusións podemos sacar destes datos?

¹ Datos do 2018. Para todos os datos de poboación nesta actividade a fonte é Banco Mundial



Actividade 2

Consideracións previas

O crecemento económico **distribuíuse de maneira moi desigual**, de xeito que xerou **inxustiza social**, tanto dentro dos países como entre estes. Tendo en conta o número de membros da clase, dividir ao alumnado en catro grupos, seguindo a mesma proporción que aparece na infografía e dividir 100€ entre os grupos seguindo a mesma proporción que se reflicte na mesma. Isto podería facerse dándolles un papel no que se especificase a “riqueza” que lles corresponde.

Desenvolvemento

Dividir á clase en grupos e comentar: *“Imos repartir estes 100€ e imaxinarvos que podedes comprar algo para tomar durante este tempo”*. A continuación, adxudicar o diñeiro segundo o preparado e deixarlles que pensen o que poderían facer con el.

A continuación, os grupos poñen en común o que pensaron.

- Parécenos xusto a repartición do diñeiro?
- Estadades contentos co que vos correspondeu? podedes facer algo con iso?
- Habería outras formas de repartilo? Buscar a maneira de facelo de forma máis xusta.
- A canto tocaría cada persoa?
- Estadades todos contentos coa nova repartición? alguén sente que perdeu?
- Pensem na repartición orixinal. As persoas que dispoñen de máis diñeiro poden estar contentas con esa repartición, pero é moi inxusto. Poderíamos dicir que o benestar duns é á conta da falta de benestar doutros?

Proxectar a infografía e explicala.

- Creedes que é necesario facer unha repartición máis xusto da riqueza no mundo?, estariades dispostos a facer esa nova repartición?, sodes conscientes do que significaría para o voso “benestar” unha repartición máis xusta da riqueza no mundo?
- Debemos entender que a procura da xustiza pode significar desprenderse dunha parte dos nosos “privilexios”?

A partir do traballado nesta actividade, podedes extraer reflexións, conclusións ou ideas que vos permitan expor o guiión dunha clipmetraxe.